



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 28-02-2025, ditou a Resolución 304/2025 que aprobou as seguintes bases:

BASES PARA A ELABORACION DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE ARQUITECTO/A SUPERIOR, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A, GRUPO A1, NO CONCELLO DE VIMIANZO

EXPTE.: 2024/E001/000013

Primeira.- Obxecto e réxime xurídico

É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición libre, para a creación dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de arquitecto/a superior para o Concello de Vimianzo, para o desenvolvemento das funcións e tarefas específicas da especialidade profesional correspondente, como funcionario/a interino/a. As características da praza son as seguintes, especificadas na RPT (BOP núm. 169, do 06/09/2017):

Denominación da praza: Arquitecto/a superior

Escala: Administración especial

Subescala: Técnica

Grupo de clasificación: A, subgrupo A1, nivel 26

Tipo de relación xurídica: persoal funcionario interino

A bolsa de traballo, que quedará formada pola relación de aspirantes que superen este proceso selectivo, destinarase á cobertura de postos cando se produza algunha das seguintes circunstancias (artigo 10.1 do TREBEP, segundo a nova redacción dada pola Lei 20/2021 de 28 de decembro)):

- a) A existencia de prazas vacantes cando non fora posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos.
- b) A substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario.
- c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis da Función Pública que se diten en desenvolvemento do TREBEP.



d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.

Esta bolsa de traballo terá unha validez de cinco anos, contados a partir da súa aprobación por Resolución da Alcaldía, ou ata que se convoque un novo procedemento para a súa elaboración.

A realización do proceso selectivo suxeitarase, en todo o non expresamente previsto nas presentes bases, ao dereito básico contido nas seguintes disposicións:

- a) RDLex 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local
- b) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
- c) Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- d) Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- e) Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- f) Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.
- g) Orde APU/1461/2002, de 6 de xuño, sobre Normas para selección e nomeamento de persoal funcionario interino.

Publicacións e anuncios. Os anuncios referidos a este proceso selectivo serán publicados no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo, vinculados á primeira publicación, na que figuran as bases, e enumerados en función da data de inserción, sen prexuízo doutras obrigas publicitarias no BOP e outros medios.

Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes.

Requisitos de carácter xeral:

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Nacionalidade: Ter nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, sen prexuízo do estipulado no artigo 57 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

- c) Capacidade funcional: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que aspira, isto é, non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. As persoas con minusvalía farán constar na súa solicitude se precisan adaptación para as probas.
- d) Habilidade: Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Coñecemento da lingua galega: Estar en posesión do certificado de lingua galega CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.

Requisitos de carácter específico:

- Estar en posesión do título habilitante para o desenvolvemento da profesión de arquitecto/a. As equivalencias deberán acreditarse mediante certificado da administración competente (no caso de comunitarios ou estranxeiros, a titulación haberá de estar convalidada polo órgano competente).

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incursas en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

Terceira.- Funcións do posto.

Funcións xerais

- Informar e atender á cidadanía e ao resto de traballadores municipais, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.
- Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria que empregue.

- Manexar os ordenadores e aplicativos informáticos e tecnolóxicos necesarios para o correcto desempeño do posto.
- Xestionar os expedientes na ferramenta de administración electrónica municipal.
- Cumprimentar as actividades nos prazos e nas calidades previstas.
- Asistir a cantas reunións de traballo sexa convocado/a durante a súa xornada de traballo.
- Contribuír a resolver cantos problemas xurdan no ámbito de xestión e responsabilidade profesional e poñer en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.
- Asumir o réxime de suplencia que se estableza.
- Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.
- Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal, de transparencia e acceso á información pública e de políticas de seguridade na utilización de medios electrónicos.
- Realizar todas as funcións legal e/ou regulamentariamente establecidas.

Funcións específicas

- Redactar informes, realizar inspeccións e atender á cidadanía, en relación ao cumprimento da normativa en materia de edificación e actividades, que sexa obxecto de control municipal.
- Redactar proxectos de edificación e dirección de obras conforme ás disposicións legais.
- Redactar proxectos e dirección de obras de urbanización e de todo tipo de espazos públicos e instalacións urbanas, segundo as disposicións legais vixentes, de acordo coa súa especialidade e ámbito de competencia segundo a súa titulación.
- Redactar documentación técnica para a execución de obras de menor entidade non incluídas nos apartados anteriores.
- Redactar estudos e plans de seguridade e saúde e coordinación de seguridade e saúde segundo as disposicións legais vixentes, de acordo coa súa especialidade e ámbito de competencias específicas.
- Supervisar, controlar e responsabilizarse de contratos de obras municipais e cantas outras actuacións correspondan en razón da súa especialidade e competencias específicas en cumprimento da lexislación vixente en materia de contratos do sector público.
- Realizar labores de seguimento para a redacción, xestión e execución do planeamento.

- Dar información urbanística de todo tipo, incluída a información pública do planeamento a través dos medios oficiais do concello.
- Emitir os informes técnicos de todo tipo segundo a súa especialidade e ámbito de competencia.
- Emitir certificacións, valoracións, estudos, memorias e consultorías en materias relacionadas coa súa especialidade e ámbito de competencia.
- Controlar e protexer o cumprimento da legalidade urbanística e da edificación, de actividades clasificadas e inocuas e espectáculos públicos, conforme ás disposicións legais vixentes de competencia municipal, incluíndo a inspección e emisión de informes técnicos.
- Exercer un control do deber de conservación polos propietarios de terreos, instalacións, construcións e edificacións, conforme ás disposicións legais vixentes de competencia municipal, incluíndo a inspección e emisión de informes técnicos.
- Informar e orientar aos cidadáns en materia urbanística e de cumprimento cos deberes de conservación e rehabilitación da edificación.
- Realizar a inspección de servicios e edificacións municipais, así como o deseño e administración de plans de mantemento das instalacións e bens municipais.
- Aplicar á tramitación e xestión, os medios tecnolóxicos postos á súa disposición para facilitar o acceso ao expediente e a súa tramitación electrónica.
- Asesorar, asistir e colaborar con outras unidades administrativas segundo a súa especialidade e ámbito de competencia
- Calquera outra función, relacionada co seu posto de traballo, que lle poida encomendar o superior xerárquico.

Cuarta.- Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse segundo o modelo que se acompaña no anexo I e dirixiranse á Alcaldía, dispoñendo dun prazo de quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao da data de publicación do extracto no BOP. Presentaranse a través da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

2. Xunto coa solicitude, as persoas aspirantes deberán achegar:

- Copia do DNI
- Relación de méritos que se acreditan
- Documentación acreditativa dos requisitos e dos méritos que se valoran na fase de concurso



- Documentación de estar en posesión da titulación de CELGA 4 (ou equivalente) para acreditar o coñecemento da lingua galega.

3. Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalguna das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

4. Coa presentación da solicitude para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Quinta.- Admisión de aspirantes. Data e lugar de realización das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará a Resolución pola que se declara aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Outorgarase un prazo de emenda de cinco días naturais. No caso de non haber persoas excluídas, a resolución aprobará a listaxe definitiva.

No caso de haber persoas excluídas que presenten algunha emenda dentro do prazo outorgado e de que se produza unha variación da listaxe, farase unha nova Resolución coa listaxe definitiva.

A resolución coa listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas incluírá a composición do tribunal e a información sobre a data das probas.

Será publicado un anuncio relativo ao contido das ditas Resolucións no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo, e vincularanse ao anuncio das bases de selección.

Sexta.- Tribunal cualificador.

1. Estará composto polos seguintes membros, persoas empregadas públicas:

- Presidente/a (titular e suplente): Un/unha funcionario/a de carreira da administración pública local, do grupo A, con titulación de nivel igual ou superior á da praza obxecto da convocatoria.
- Secretario/a (titular e suplente): Un/unha funcionario/a de carreira da administración pública local, do grupo A, con titulación de nivel igual ou superior á da praza obxecto da convocatoria. Non terá dereito a voto.
- 3 vogais (titulares e suplentes): Funcionarios/as de carreira de calquera administración pública, do grupo A, con titulación de nivel igual ou superior á da praza obxecto da convocatoria.

2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a Presidencia e a



Secretaría. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. Resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos por elas (poderá solicitar informe e/ou opinión especializada por parte das persoas asesoras que, para tal efecto poidan ter sido requiridas).

3. Os membros do tribunal deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), notificándoo á autoridade convocante.

4. Consonte ao artigo 16.9 da Orde HFP/688/2017, de 20 de xullo, non poderá formar parte do órgano de selección de persoal funcionario o persoal de elección ou designación política, os altos cargos, os funcionarios interinos, o persoal eventual, nin o persoal laboral.

5. Os membros do Tribunal, así como os asesores especialistas e persoal colaborador, no caso de que o tribunal dispuxera a súa incorporación, terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto no RD 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou norma que a substitúa. No caso dos asesores especialistas e persoal colaborador, para os efectos de pago por asistencia equipararanse ao disposto no Real decreto 462/2002 para os vogais do tribunal.

6. O tribunal poderá requirir o apoio de persoal complementario e/ou de asesoramento para a realización das probas.

7. A Presidencia poderá requirir aos membros da comisión de selección unha declaración expresa de non atoparse sometidos a ningunha das causas de abstención legalmente previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8. O tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderá na composición á paridade entre homes e mulleres, en cumprimento do establecido no artigo 53 da lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes e no artigo 60.1 do TREBEP, aprobado polo Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

9. Os acordos adoptados polo Tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. Os membros do Tribunal poderán excluír a aqueles opositores que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios.

Sétima.- Proceso selectivo.

Efectuarase mediante concurso-oposición libre.

A fase de concurso non será eliminatoria e levarase a cabo despois da fase de oposición.



A fase de oposición constará de tres probas. Poderanse realizar na mesma xornada. Deberá acadarse unha puntuación mínima de 35 puntos nesta fase para non quedar excluído da bolsa de emprego. Unha vez comezado o proceso selectivo, a data e lugar dos sucesivos exercicios serán anunciados no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

O cadro de puntuacións é o seguinte:

| | |
|--|-----|
| PUNTUACIÓN TOTAL | 100 |
| FASE DE CONCURSO | 30 |
| Formación (máximo de 15) | |
| Experiencia (máximo de 15) | |
| FASE DE OPOSICIÓN | 70 |
| Exame test do temario xeral (máximo de 15 puntos) | |
| Exame test do temario específico (máximo de 15 puntos) | |
| Exercicio práctico (máximo de 40 puntos) | |

Os/as aspirantes serán convocados para a fase de oposición en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito os/as opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica de aqueles.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia do/a interesado/a, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciarase alfabeticamente.

Os anuncios relativos ás diferentes fases do proceso serán publicados no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo, outorgando dous días hábiles para presentar alegacións, e vincularanse ao anuncio das bases de selección.

Oitava.- Fases de concurso e oposición

8.1. Fase de concurso



O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polos/as aspirantes. Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes e conforme ás indicacións deste apartado.

A fase de concurso, que non ten carácter eliminatorio, desenvolverase con carácter posterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

Ningún mérito poderá ser puntuado en máis dun apartado nin se terán en conta os que forman parte da documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos.

a) **Formación.** Ata un máximo de 15 puntos e serán accións organizadas ou homologadas polas Administracións Públicas, Escolas Oficiais da Administración Pública e/ou universidades, colexios oficiais, accións incluídas en plans de formación continua en materias relacionadas coas funcións do posto de traballo.

1. Outórgase 2 puntos por cada 30 horas de participación en accións formativas relacionadas coa arquitectura no marco das funcións do posto.
2. Outórganse 0,5 puntos por cada 30 horas de participación en accións formativas de carácter transversal (ofimática e tecnoloxías da información e comunicación, prevención de riscos, protección de datos, introdución da perspectiva de xénero, igualdade de oportunidades, administración electrónica), ata un máximo de cinco puntos.

Para a valoración sumaranse o total de horas que cumpran os requisitos en cada un dos apartados, dividirase por 30, e teranse en conta as fraccións ata dous (2) decimais. Non se considerarán as titulacións necesarias para acreditar o cumprimento dos requisitos.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos nos que se verifique a realización das accións formativas, a duración en horas, o seu contido básico e a identificación da entidade organizadora ou que homologa. De non figurar esta información, o Tribunal non terá en conta a documentación presentada.

b) **Experiencia laboral.** Ata un máximo de 15 puntos.

1. Outórganse 0,5 puntos por cada mes realizando tarefas en postos de igual categoría e funcións por conta allea que teñan grupo de cotización 1 na Administración Local.
2. Outórganse 0,1 puntos por cada mes realizando tarefas en postos de igual categoría e funcións por conta allea que teñan grupo de cotización 1, na Administración Pública distinta da local ou en entidades privadas. Este apartado ten un máximo de cinco puntos.

3. Traballo por conta propia nos últimos tres anos. Outorgarase 1 punto, ata o máximo de cinco puntos, por cada proxecto redactado, en períodos de alta na SS (ou outra mutualidade), para institucións públicas e/ou privadas.

Para os cálculos, teranse en conta as fraccións ata dous decimais.

A experiencia profesional acreditarase de acordo co seguinte detalle:

- Experiencia por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola administración da Seguridade Social, que se acompañará de fotocopia dos contratos, de nómina, de certificado oficial de empresa ou outro documento oficial que especifique a categoría profesional, a xornada e o posto ocupado.
- Traballadores autónomos ou por conta propia. Informe de vida laboral expedido pola administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social, ou no réxime especial correspondente, e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE. Así mesmo, xustificarse fehacemente a redacción dos proxectos que se alegan como mérito. Só se terá en conta a experiencia dos últimos tres anos naturais, contados desde a data de publicación do extracto destas bases no BOP.

8.2. Fase de oposición.

a) Exame test do temario xeral (máximo de 15 puntos). Constará de 15 preguntas, que se puntuarán a razón de un punto cada unha, sen penalización por respostas erróneas ou non contestadas. Incluirá 3 preguntas de reserva. Outorgarase un tempo máximo de 30 minutos para a súa realización. O temario figura no Anexo 1.

b) Exame test do temario específico (máximo de 15 puntos). Constará de 15 preguntas, que se puntuarán a razón de un punto cada unha, sen penalización por respostas erróneas ou non contestadas. Incluirá 5 preguntas de reserva. Outorgarase un tempo máximo de 30 minutos para a súa realización. O temario figura no Anexo 2.

c) Exercicio práctico (máximo de 40 puntos). Consistirá en responder a cinco cuestións relativas a un caso e outorgarase un espazo limitado para a resposta (poderá ser encher un impreso oficial, elaborar un informe ou cubrir puntos dunha memoria). Deberá ser contestado con claridade e nitidez para que poida ser valorado correctamente por parte do tribunal. Para a valoración da proba o tribunal terá en conta a destreza na realización do exercicio, a organización das diferentes tarefas a realizar, o coñecemento dos recursos de Vimianzo e da lexislación que lle afecta e o uso de ferramentas. O contido deste exercicio terá relación coas funcións do posto e os temarios que figuran nos anexos. A duración máxima que pode establecer o tribunal para este exercicio é de 120 minutos.



O Tribunal establecerá un sistema que garante o anonimato das persoas candidatas na proba práctica.

Na fase de oposición debe acadarse unha puntuación mínima de 35 puntos; de non ser así, a persoa candidata queda excluída da bolsa de traballo. As probas da fase de oposición poderán realizarse na mesma xornada.

8.3. Proba de galego

A proba de galego ten carácter obrigatorio e eliminatorio para as persoas que non teñan presentado a certificación de Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente. Será cualificada como “APTO/A” ou “NON APTO/A”.

Consistirá na contestación a dez preguntas (test e/ou cortas) dirixidas á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego.

Novena.- Constitución da bolsa de traballo.

Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará a listaxe de persoas aprobadas por orde de puntuación, de maior a menor, e a proposta de bolsa. Outorgarase un prazo de dous días hábiles para efectuar alegacións. E, unha vez resoltas, de habelas, elevarase a proposta de bolsa coa orde de prelación á Alcaldía.

Mediante Resolución de Alcaldía constituirase a bolsa de traballo e será publicada no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo, con vínculo ao anuncio das bases de selección.

Esta bolsa de traballo terá unha validez de cinco anos, contados a partir da súa aprobación por Resolución de Alcaldía, ou ata que se convoque un novo procedemento para a súa elaboración.

As persoas que integran a bolsa poderán en calquera momento comunicar a renuncia definitiva a formar parte dela, mediante solicitude presentada por sede dirixida á Alcaldía.

A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Finalización do prazo máximo de duración.
- Esgotamento por non haber persoas dispoñibles para cubrir as vacantes.
- Constitución dunha nova bolsa para o mesmo fin.

Décima.- Chamamentos e presentación de documentos.



Cando se produza algunha das circunstancias que recolle o artigo 10.1 do EBEP, procederase ao chamamento e, no seu caso, nomeamento de persoas que configuran a bolsa coas características e circunstancias que se determinen mediante Resolución de Alcaldía.

O chamamento realizarase mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo e pódese complementar con aviso por correo electrónico e/ou SMS ao número de teléfono móbil indicado nos datos de contacto do/a aspirante.

Os /as aspirantes propostos achegarán, comunicarán a aceptación ou rexeitamento dentro do prazo de dous días naturais contados a partir da publicación do chamamento no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo.

No caso de aceptar, disporán de cinco días naturais contados a partir da publicación do chamamento no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo para presentar a documentación seguinte:

1. DNI en vigor
2. Certificado acreditativo ou informe médico de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.
3. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
4. Documentación oficial que acredite o número de afiliación á Seguridade Social.
5. Documento que acredite o número de conta bancaria.
6. Documentación orixinal ou autenticada sobre requisitos e méritos, de non habela presentado con anterioridade.

Se a persoa requirida non presenta a documentación no prazo de cinco días naturais desde a publicación do chamamento no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo esta pasará ao último lugar da lista e chamarase á seguinte. O mesmo sucederá se a persoa renuncia ao posto unha vez que foi nomeada ou empezou a traballar.

No caso de comunicar o rexeitamento dentro do prazo de dous días naturais contado a partir da publicación do chamamento no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo, conservarán o seu posto os aspirantes que acrediten nese prazo atoparse nalgunha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Prestar servizos noutra Administración pública.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.



A persoa nomeada para o posto causará baixa na bolsa e, unha vez finalizado o servizo, volverá a causar alta na mesma orde de prelación inicial.

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese por falsidade na solicitude de participación no proceso selectivo. Neste caso procederase a requirírselle a documentación ao aspirante que tivera quedado na seguinte posición e concederáselle idéntico prazo para a presentación

Undécima.- Nomeamento e toma de posesión das prazas de funcionarios/as interinos/as.

O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión na data que estableza a Resolución de Alcaldía ou, se non se indicara, no prazo máximo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao que sexa notificado o nomeamento, que se fará a través do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo.

A persoa nomeada para o posto causará baixa na bolsa e, unha vez finalizado o servizo, volverá a causar alta na mesma orde de prelación inicial.

Duodécima. Réxime xurídico.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentasen e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no que non quedase previsto nestas bases.

Así mesmo, rexerán a lexislación básica do estado sobre Función Pública e o R. D. 896/1991, polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do funcionariado da Administración Local. No non previsto nelas, terase en conta a regulamentación que para o ingreso na Función Pública establece a Comunidade Autónoma de Galicia e, suplementariamente, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais:

- Os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma confidencial nun ficheiro propiedade deste Concello.
- Os datos obtidos nesta instancia poderán ser empregados, salvagardando a súa identidade, para a realización de estatísticas internas.
- Terase a posibilidade de acceder en calquera momento aos datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita, xunto coa documentación acreditativa da súa identidade, a este Concello.



CVD: PGIx/TP1MJ443xKA+w86 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Anexo I

Temario xeral

1. O ordenamento xurídico. As fontes do dereito. A xerarquía das fontes: lei, costume e principios xerais do dereito. Lei e regulamento: relación. Tipos de normas. Interpretación das normas. Réxime transitorio. A xurisprudencia. A doutrina. A analoxía.
2. A Constitución Española de 1978. Estrutura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. O procedemento de reforma constitucional.
3. A Administración local: regulación constitucional. Tipoloxía dos entes locais. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas sobre a Administración local. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local: Disposicións xerais.
4. O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación municipal. A organización municipal. O Alcalde: forma de elección e cesamento; atribucións. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións. O Pleno: composición e atribucións. As Comisións Informativas e outros órganos colexiados na Administración local. Competencias e servizos municipais.
5. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo. A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Termos e prazos.
6. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Competencias. Órganos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.
7. O persoal ao servizo das administracións públicas. Clase de persoal. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos. Adquisición e perda da relación de servizo.
8. A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos das Administracións Públicas. Partes no contrato. Órgano de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Obxecto, presuposto base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. O expediente de contratación.
9. Do patrimonio das Entidades Locais. Concepto e clasificación dos bens. Inventario e rexistro dos bens. Prerrogativas das Entidades Locais respecto dos seus bens. Utilización dos bens de dominio público. Utilización dos bens patrimoniais. Alleamento dos bens patrimoniais.
10. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os recursos da facendas locais. Taxas e prezos públicos.

11. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: integración transversal do principio de igualdade nas actuacións do sector público (título II).
12. A Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Anexo II

Temario específico

1. Marco xeral da lexislación en materia de Ordenación do territorio e urbanismo. A distribución de competencias entre as distintas Administracións: A sentenza 61/1997 do Tribunal Constitucional. Lexislación básica e autonómica.
2. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. Antecedentes, obxecto e disposicións xerais. Estatuto básico do cidadán. Estatuto básico da iniciativa e a participación na actividade urbanística. Estatuto xurídico da propiedade do solo. Estatuto básico da promoción das actuacións urbanísticas. Bases do réxime do solo. Regras procedimentais comúns e normas civís.
3. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. Cooperación e Colaboración Interadministrativas. Función social da propiedade e xestión do solo: venda e substitución forzosas; patrimonios público do solo; dereito de superficie. Réxime xurídico: actuacións ilegais e co Ministerio Fiscal; peticións, actos e acordos; accións e recursos; Rexistro da Propiedade.
4. Valoracións urbanísticas e expropiatorias. Regulación contida no texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación Urbana e no Regulamento de valoracións (Real Decreto 1492/2011).
5. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Principios xerais. Competencias e organización administrativa.
6. Réxime urbanístico do solo Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Clasificación do solo. Solo Urbano: requisitos; categorías; soares; dereitos e deberes dos propietarios; aproveitamento urbanístico.
7. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento: Núcleos rurais: delimitación e réxime; condicións de uso.
8. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento: Solo urbanizable: réxime; deberes dos propietarios; aproveitamento urbanístico.

9. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento: Solo rústico: réxime; condicións de uso; procedemento para o outorgamento de autorizacións en solo rústico; condicións de edificación. Edificacións tradicionais.

10. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Planeamento urbanístico. Límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. División do solo urbano e urbanizable. Instrumentos de planeamento urbanístico: avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de planeamento urbanístico; suspensión de licenzas.

11. DECRETO 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia. Plan básico autonómico: obxecto; contido; procedemento de aprobación. Planeamento de desenvolvemento do Plan básico autonómico: plans básicos municipais. Obxecto, contido e procedemento de aprobación dos plans básicos municipais.

12. Plan xeral de ordenación municipal. Formulación e contido. Determinacións de carácter xeral. Determinacións en solo urbano consolidado. Determinacións en solo urbano non consolidado. Determinacións en solo de núcleo rural. Determinacións en solo urbanizable. Determinacións en solo rústico. Documentación. Estratexia de actuación e estudo económico.

13. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal. Competencia para a aprobación definitiva. Documentos refundidos de planeamento.

14. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal. Disposicións comúns aos plans de desenvolvemento. Plans de iniciativa particular.

15. Plans parciais: obxecto, determinacións. Documentación. Procedemento de elaboración e aprobación.

16. Plans especiais. Finalidades. Plans especiais de protección. Plans especiais de reforma interior. Plans especiais de infraestruturas e dotacións. Procedemento de elaboración e aprobación.

17. Ordenación urbanística que afecte a varios municipios: formulación, elaboración e procedemento de aprobación. Outras figuras de planeamento. Delimitación de solo de núcleo rural. Estudos de detalle. Catálogos.

18. Vixencia e modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico: executividade do planeamento; declaración de utilidade pública; iniciación de expropiacións por ministerio da lei; publicidade; Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia; usos e obras provisionais; edificios fora de ordenación. Normas de aplicación directa.

19. Execución do planeamento urbanístico: disposicións xerais. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución.

20. Regras xerais para a equidistribución. Principios e criterios: obxecto; contido do instrumento de equidistribución; procedemento e efectos de aprobación do instrumento de equidistribución; dereito de realoxamento e retorno; extinción ou transformación de dereitos e cargas. Operacións de reorganización da propiedade en solo urbano consolidado ou en solo de núcleo rural.
21. Sistemas de actuación. Clases de sistemas de actuación. Elección do sistema de actuación. Cumprimento das previsións de xestión e urbanización establecidas. Cargas de urbanización. Réxime de contratación das obras de urbanización.
22. Sistema de cooperación. Sistema de expropiación. Sistema de concerto. Sistema de compensación: estatutos e bases. Xunta de Compensación.
23. Obtención do solo dos sistemas xerais e locais. Permuta forzosa. Ocupación directa.
24. Patrimonios públicos do solo: constitución; bens que o integran; destino.
25. Proxectos de urbanización. Execución e conservación das obras de urbanización.
26. Títulos habilitantes de natureza urbanística. Licenzas urbanísticas: definición; obxecto; actos suxeitos a licenza; documentación e procedemento; prelación de licenzas e outros títulos administrativos.
27. Prazos de edificación. Caducidade das licenzas. As licenzas de ocupación dos inmobles. Revisión e suspensión das licenzas.
28. Comunicacions previas: definición, obxecto; procedemento para a tramitación; prazos.
29. Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade. Actos promovidos por administracións públicas.
30. Parcelacións urbanísticas, segregacións e división de terreos.
31. Deberes de uso, conservación e rehabilitación. As ordes de execución. Rexistro de Soares. Venda forzosa. Declaración de ruína: supostos; procedemento; consecuencias da súa declaración; a ruína inminente.
32. Disciplina urbanística. Inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística: obras e usos sen título habilitante en curso de execución; obras terminadas sen título habilitante; protección da legalidade en zonas verdes, espazos libres, viarios, dotacións e equipamentos públicos; protección da legalidade no solo rústico.
33. Infraccións e sancións. Definición das infraccións urbanísticas. Tipificación das infraccións urbanísticas. Prazos de prescrición. Persoas responsables. Regras para determinar a contía das sancións. Sancións accesorias. Órganos competentes: Especial referencia a APLU e ás súas competencias en relación coas dos concellos. Procedemento sancionador.

34. Convenios urbanísticos: obxecto e natureza; convenios urbanísticos de planeamento; convenios urbanísticos para a execución do planeamento; formalización, perfeccionamento e publicidade.
35. Ordenación do territorio: Especial referencia á Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia: principios xerais, instrumentos de ordenación do territorio, a súa relación cos instrumentos urbanísticos e a súa eficacia. As directrices de ordenación do territorio (Decreto 19/2011, do 10 de febreiro).
36. O Plan de ordenación do litoral (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro).
37. Normas subsidiarias de planeamento de Vimianzo. Modificacións puntuais das normas subsidiarias de planeamento de Vimianzo.
38. Parque empresarial de Vimianzo.
39. Instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no Concello de Vimianzo.
40. Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos en Vimianzo.
41. A Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes da edificación. Responsabilidades e garantías.
42. Código técnico da edificación. Parte I.
43. Seguridade estrutural na edificación. DB-SE. Resistencia e estabilidade. Aptitude ao servizo. Relación con outras normas estruturais. Normativa de accións na edificación. DB-SE-AE. Cimentacións na edificación. DB-SE-C.
44. Estruturas DB-SE-A. DB-SE-F. DB-SE-M.EHE.
45. Seguridade en caso de incendios na edificación. DB-SI.
46. Seguridade de utilización na edificación. Exixencias básicas SUA1 a SUA 8.
47. Condicións acústicas na edificación. Normativa técnica. DB-HR.
48. Accesibilidade. Exixencia básica SUA 9.
49. Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro. Conceptos básicos. Niveis de accesibilidade. Código accesibilidade.
50. Normas de habitabilidade de vivendas en Galicia: DECRETO 29/2010, de 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
51. Certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.

52. Organización de obras: técnicas de programación. Plan de obra. Control do proceso construtivo.
53. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Regulación integrada do exercicio de actividades. Espectáculos públicos e actividades recreativas. Notas xerais sobre a lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia.
54. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Réxime de comunicación previa. Avaliación da incidencia ambiental.
55. Lexislación de Costas e Portos: estatal e autonómica. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Planificación urbanística da franxa litoral e dos portos. Distribución de competencias entra as administracións estatal, autonómica e local. Especial referencia o réxime xurídico da servidume de protección. O réxime transitorio da normativa de costas.
56. Lexislación estatal e autonómica de protección do patrimonio cultural. Clasificación, declaración e catalogación dos bens do Patrimonio cultural de Galicia. Lexislación de estradas: estatal e autonómica.
57. Réxime de protección e conservación na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. Réxime específico de protección dos bens de interese cultural. Réxime específico de protección dos bens catalogados. BICs de Vimianzo.
58. Criterios de intervención nos conxuntos históricos. Materiais e sistemas construtivos tradicionais aplicados á conservación e restauración.
59. Instrumentos específicos de protección das paisaxes culturais e dos territorios históricos.
60. Actuacións protexidas en materia de rehabilitación. Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. O informe de Avaliación dos Edifícios. As actuacións sobre o medio urbano: especial referencia a planificación, intervención na edificación, normas de aplicación directa, licencias directa e plans especiais de protección. Áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica.
61. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. R.D. 1627/97: Disposicións específicas nas fases de proxecto e execución das obras. O coordinador. Estudo de seguridade e saúde: supostos de obrigatoriedade e contidos. Plans de seguridade e saúde. Principios xerais aplicables ao proxecto e á execución.
62. Residuos de construción e demolición. Normativa aplicable e Plan Nacional. Principais aplicacións destes residuos na edificación e obras públicas.



Anexo III
Modelo de solicitude

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO DE SELECCIÓN

**BOLSA DE TRABAJO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE ARQUITECTO/A SUPERIOR
NO CONCELLO DE VIMIANZO. EXPTE.: 2024/E001/000013**

Nome e apelidos:
DNI/NIE:
Enderezo:CP.....MUNICIPIO.....
Teléfono fixo:.....
Teléfono móbil (utilizarse para a comunicación):.....
Correo electrónico (utilizarse para a comunicación):.....

En relación ao procedemento que figura no encabezado,

DECLARO:

- 1) Que acepto as bases que o regulan.
- 2) Que cumpro os requisitos establecidos na base segunda.
- 3) Que posúo a titulación universitaria de
- 5) Que achego documentación acreditativa de estar en posesión do CELGA 4 ou titulación equivalente. SI NON

Por todo iso,

SOLICITO

A Vde. dea por presentada esta solicitude e se acepte a miña participación no proceso que figura no encabezado. Acompaño a relación de documentos que achego e a autodeclaración relativa aos méritos que se valoran.

Vimianzo, de de 2025

Asdo:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VIMIANZO



Relación de documentos que achego

Achego a seguinte documentación (detallar a relación):

- DNI/NIE
- RELACIÓN DE MÉRITOS
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE ESTAR EN POSESIÓN DO CELGA 4 OU EQUIVALENTE



Vimianzo, 3 de marzo de 2025

Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa de Vimianzo